



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE COGNITIVA NO ENTORNO SANITARIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 12.05.2021, coa Federación Autismo Galicia o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento das seguintes accións:

- a) Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral.
- b) Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do trastorno do espectro autista (TEA).
- c) Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA.
- d) Desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

O Plan Estratéxico de Saúde Mental recolle entre os seus obxectivos operativos o establecemento dun “programa antiestigma, de sensibilización social e loita contra a





exclusión, que promova a inclusión e integración social", polo que son de interese as actividades de divulgación e sensibilización desde a Federación Autismo Galicia encamiñadas a estes obxectivos.

As actividades da Federación Autismo Galicia, dado que agrupa diversas entidades e organizacións da nosa Comunidade Autónoma, dedicada especificamente ao ámbito das persoas con trastorno do espectro autista (TEA), atópanse aquelas que teñen como finalidade a información, valoración e asesoramento ás persoas con TEA e ás súas familias; así como actividades relacionadas coa sensibilización, información e difusión deste trastorno.

A Federación Autismo Galicia cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ambas as dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento de actividades de divulgación e sensibilización dende a Federación Autismo Galicia encamiñadas a facilitar o achegamento ao sistema sanitario daquelas persoas con problemas específicos de comunicación como son as autistas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

